



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas al Observatorio contra la Violencia Doméstica y de Género del año 2024 del CGPJ**.

El Observatorio contra la Violencia Doméstica y de Género ha publicado recientemente su informe anual, que recoge una serie de datos, tanto a nivel estatal como en Galicia, de los que se pueden extraer diferentes conclusiones y reflexiones que deben tenerse en cuenta para mejorar y replantear la estrategia en materia de violencia machista.

Si bien en el momento actual el número de feminicidios se sitúa en la cifra más baja de la serie histórica, los datos de asesinatos de mujeres siguen siendo absolutamente intolerables, con una media de más de un asesinato machista por semana, 48 casos en 2024 en todo el Estado, cinco de ellos en Galicia.

Así, Galicia fue la segunda Comunidad del Estado con mayor tasa (4%) de mujeres víctimas de violencia machista por millón de mujeres mayores de 15 años, mientras que la media estatal fue de 2,23. En todo caso, conviene recordar que esta cifra puede incrementarse ya que muchos casos se califican como violencia de género mucho después de su comisión.

Asimismo, cabe destacar la parte del Informe que versa sobre las características de las mujeres víctimas, que, una vez más, pone de manifiesto que la violencia afecta a todos los segmentos de la población, zonas y orígenes, con una amplia heterogeneidad.

Asimismo, una de las cuestiones que el Observatorio explora en profundidad es la dificultad existente para acceder a información completa en cada caso que permita definir las circunstancias socioeconómicas de la víctima y su agresor y cómo éstas pueden determinar la relación entre ambos.

No obstante, el Informe concluye que existe un ligero incremento en la media de edad de las



mujeres víctimas, que fue de 44,5 años en 2024, así como en la importancia del factor convivencia, que está presente en un 66,7% del total, además del factor parentesco.

Otro dato relevante es el relativo a los menores, pues 24 de las mujeres asesinadas en el Estado tenían hijos o hijas, con lo que 40 menores quedaron en situación de orfandad, cinco de ellos en Galicia. Una cifra que se duplica si se tienen en cuenta todos los hijos e hijas independientemente de su edad.

También es de especial interés destacar que los domicilios son el lugar en el que se produce la agresión en más de tres cuartas partes de los casos y que los meses de verano son cuando más episodios se registran.

Asimismo es relevante mencionar que en el 31,33% de los asesinatos, las víctimas mortales habían presentado previamente una denuncia por violencia de género contra los asesinos, aunque en Galicia solo una de cada cinco mujeres asesinadas lo había hecho, por lo que el porcentaje se reduce al 20%.

El Informe también señala que nueve menores fueron víctimas de violencia vicaria el año pasado, de los cuales el 85,5% fueron asesinados a manos de sus padres biológicos.

Al margen del Informe del Observatorio, es preocupante el incremento de la violencia machista contra las mujeres mayores de 65 años, que tiene mayor impacto en Galicia que en el conjunto del Estado.

En definitiva, tras analizar los datos referentes a 2024, y la perspectiva temporal y la experiencia que ofrecen los diferentes estudios, es necesario evaluar qué mecanismos de mejora deben introducirse en el futuro inmediato, así como conocer la valoración que realiza el Gobierno del Estado de la situación actual y de las perspectivas de futuro y de actuación.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Qué valoración hace el Gobierno Estatal del Informe del Observatorio contra la Violencia Doméstica y de Género correspondiente al año 2024?
2. ¿Están de acuerdo en que una media de más de un asesinato machista a la semana, 48



casos en todo el Estado y 5 en Galicia resulta intolerable?

3. ¿Qué análisis realizan del hecho de que Galicia sea la segunda Comunidad Autónoma del Estado con mayor tasa de mujeres víctimas de violencia machista, un 4%, por cada millón de mujeres mayores de 15 años, cuando la media nacional es del 2,23%?
4. En el 31,33% de los casos, las víctimas mortales habían presentado una denuncia previa contra sus maltratadores, pero en Galicia solo una de cada cinco asesinadas lo había hecho, por lo que el porcentaje baja al 20%. ¿Qué consideraciones hacen ustedes al respecto?
5. ¿Están ustedes de acuerdo con la necesidad de mejorar el acceso a información completa que permita definir las circunstancias socioeconómicas de las mujeres víctimas y sus agresores y el modo en que esas circunstancias pueden condicionar la relación entre ambos?
6. ¿No creen que estos datos ponen de manifiesto la necesidad de plantear medidas encaminadas a mejorar la estrategia contra la violencia machista? ¿De ser así cuáles van a poner en marcha?
7. ¿Ha realizado el Gobierno algún estudio específico en relación al incremento de la violencia machista que afecta a las mujeres mayores de 65 años? ¿Saben que tiene mayor impacto en Galicia? ¿A qué lo atribuyen? ¿Tienen previsto implantar medidas dirigidas directamente a este colectivo y prever acciones específicas en los protocolos de prevención?

Madrid, a 15 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

15 MAY. 2025 17:13:15

Entrada **68770**

Sobre o informe do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do ano 2024 do CXPX

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao Informe do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do ano 2024 do CXPX**.

O Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero vén de publicar recentemente o seu informe anual, recollendo unha serie de datos, tanto a nivel estatal como na Galiza, dos que poden extraerse distintas conclusións e reflexións a ter en conta para mellorar e reconsiderar a estratexia sobre a violencia machista.

Aínda que no momento actual, a cifra de feminicidios está situada na cifra máis baixa da serie histórica, os datos de asasinatos de mulleres continúan a ser absolutamente intolerábeis, cunha media de máis dun asasinato machista por semana, 48 casos en 2024 en todo o Estado, cinco deles na Galiza.

Así, a Galiza foi a segunda Comunidade do Estado con maior taxa (4%) de mulleres vítimas de violencia machista por cada millón de mulleres maiores de 15 anos, mentres que a media do Estado ficou en 2,23. En todo caso, é preciso recordar que esta cifra pode verse incrementada pois moitos casos son cualificados como violencia de xénero moito tempo despois da comisión.

Cabe destacar tamén a parte do Informe centrada nas características das mulleres vítimas que, máis unha vez, evidencia que a violencia afecta a todos os segmentos de poboación, ámbitos e orixes, presentando unha ampla heteroxeneidade.



Así mesmo, un dos temas en que profunda o Observatorio é a dificultade existente para acceder á información completa en cada supostos que permita definir as circunstancias socioeconómicas da vítima e o seu agresor e como poden estas determinar a relación entre ambos.

Con todo, o Informe conclúe que se aprecia unha lixeira elevación da media de idade das mulleres vítimas, que ficou situada en 44,5 anos no pasado 2024, así como a importancia do factor convivencia, pois estaba presente en 66,7 % do total, ademais do de parentesco.

Outro dato relevante é o referido aos menores, pois 24 das asasinadas no Estado tiñan fillos ou fillas, resultando 40 menores en situación de orfandade, cinco deles na Galiza. Unha cifra que se duplica se se teñen en conta a todos os fillos e fillas independentemente da idade.

Resulta tamén de especial interese destacar que os domicilios son o espazo de agresión en máis de tres cuartas partes dos casos e que nos meses de verán é cando se rexistran máis casos.

É tamén relevante mencionar que en 31,33% dos asasinatos, as vítimas mortais presentaran denuncia previa por violencia de xénero fronte aos asasinados, aínda que na Galiza só o fixo unha das cinco mulleres asasinadas, de forma que a porcentaxe baixa ao 20%.

O Informe recolle tamén que nove menores foron vítimas de violencia vicaria ao ano pasado, dos cales, 85,5% foron asasinados a mans dos seus pais biolóxicos.

Á marxe do Informe do Observatorio, preocupa o aumento da violencia machista contra mulleres maiores de 65 anos, que ten un impacto maior na Galiza que no conxunto do Estado.

En definitiva, despois de analizar os datos referidos ao 2024, e da perspectiva temporal e de experiencia que ofrecen os distintos estudos é preciso avaliar que mecanismos de mellora introducir no inmediato así como coñecer a valoración que fai o Goberno do Estado do momento actual e das perspectivas de futuro e actuación.



Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Que valoración realiza o Goberno do Estado sobre o Informe do Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero correspondente ao ano 2024?
2. Comparte que unha media de máis dun asasinato machista por semana, 48 casos en todo o Estado e 5 na Galiza resulta intolerábel?
3. Que análise realiza do feito de que a Galiza sexa a segunda Comunidade Autónoma do Estado coa maior taxa de mulleres vítimas de violencia machista, un 4%, por cada millón de mulleres maiores de 15 anos, mentres a media estatal é de 2,23%?
4. No 31,33% dos casos, as vítimas mortais tiñan presentado denuncia previa contra os seus maltratadores, pero na Galiza só o fixo unha das cinco asasinadas de forma que a porcentaxe baixa ao 20%, Que consideracións realiza respecto diso?
5. Está de acordo coa necesidade de mellorar o acceso á información completa que permita definir as circunstancias socioeconómicas das mulleres vítimas e dos seus agresores e a maneira en que esas circunstancias poidan condicionar a relación entre ambos?
6. Non cre que estes datos poñen de manifesto a necesidade de formular medidas encamiñadas a mellorar a estratexia da violencia machista? De ser así cales vai pór en marcha?
7. Realizou algún estudo específico o Goberno en relación ao aumento da violencia machista que afecta ás mulleres maiores de 65 anos? Sabe que ten un impacto maior en Galiza? A que o atribúe? Ten previsto iniciar



medidas dirixidas de forma directa a este colectivo e prever actuacións concretas nos protocolos de prevención?

Madrid, a 15 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso